



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Estudos do Libro e Edición	Código	613584105		
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Filoloxía Española e LatinaLetras				
Coordinación	Pena Sueiro, Nieves	Correo electrónico	nieves.pena.sueiro@udc.es		
Profesorado	Pena Sueiro, Nieves	Correo electrónico	nieves.pena.sueiro@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Estudo avanzado orientado o coñecemento da historia do libro e da edición. Análise da orixe e a materialidade do libro e da transmisión textual manuscrita e impresa desde a súa orixe ata a actualidade.				

Competencias do título

Código	Competencias do título
A1	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural
A5	Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación
A6	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos hispánico e galego-portugués
A7	Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes
A9	Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos
A14	Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais
B1	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades
B4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
B5	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
B6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben afrontarse
B7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe
B10	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C1	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva
C2	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos
C3	Demostrar un compromiso ético coas desigualdades
C4	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade
C5	Integrar coñecementos de campos de estudos diversos
C6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares
C7	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador
C8	Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico
C9	Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título
---------------------------	------------------------



Saber relacionar o libro, a lectura e a edición no contexto histórico	AM1 AM5 AM7 AM9	BP1 BP2 BP3 BP7	CM1 CM2 CM3
Ser capaz de desenvolver unha na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais	AM5 AM7 AM9 AI3	BP1 BP2 BP3 BP7	CM1 CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 CI1 CI2 CI3
Realizar ensaios teóricos que poidan explicar os modelos sociais e culturais dentro do ámbito de estudio.	AM5 AM6 AM7 AI3	BP1 BP2	CM3
Poder opinar criticamente sobre a sociedade actual e relacionala ca produción artística.	AM5 AM6 AM7 AM9 AI3	BM1 BP1 BP2 BP3 BP7	CM1 CM2 CM3
Poder establecer nexos entre periodos temporales e culturas diversas		BP1 BP2 BP3 BP4	

Contidos	
Temas	Subtemas
O libro desde a Antigüidade á Idade Media	<ol style="list-style-type: none"> 1. A orixe da escritura. 2. Dos rolos ao códice. 3. Características, soportes, técnicas. 4. O scriptorium medieval 5. As bibliotecas.
O libro na época da imprenta	<ol style="list-style-type: none"> 1. A Imprenta. 2. Convivencia do manuscrito e o impreso. 3. A imprenta en Europa. 4. imprenta en España. 5. Tipoloxía editorial.
A edición	<ol style="list-style-type: none"> 1. Tipos de edición. 2. Introducción á crítica textual.
O libro e a lectura no século XXI	<ol style="list-style-type: none"> 1. O cambio de paradigma. 2. O libro electrónico. 3. A edición dixital / a edición dixital académica.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais



Actividades iniciais	A1 A5 A6 A14 A7 B4 B5 B6 B1 B10 C1 C2 C3	1	2	3
Sesión maxistral	A5 A6 A14 A7 B4 B5 B6 B1 B10 C1 C2 C3	6	10	16
Lecturas	A1 A5 A14 B4 B6 B1 C5 C6 C9	2	10	12
Proba mixta	A1 A5 A6 A14 A7 B4 B5 B6 B1 C1 C2 C3 C5 C8	2	10	12
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A5 A6 A14 A7 B4 B5 B6 B1 C1 C2 C3 C5 C8	4	2	6
Obradoiro	A1 A5 A14 A9 B4 B5 B6 B7 B1 B10 C1 C2 C3 C4 C7 C8	12	10	22
Atención personalizada		4	0	4
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Presentación do contido e avaliación dos coñecementos previos do alumnado, así como avaliación da súa disposición fronte a materia. Valoración das necesidades específicas do alumnado.
Sesión maxistral	Nestas sesións daránse as claves teóricas e describiránse conceptos básicos para fixar as nocións fundamentais que se precisan para o desenvolvemento do resto das metodoloxías de aprendizaxe.
Lecturas	A través das lecturas os alumnos descubrirán perspectivas diferentes do obxecto de estudo, e ampliarán os coñecementos obtidos na aula.
Proba mixta	Ao final do curso, na data fixada pola Facultade, o alumno realizará unha proba dedicada a verificar a adquisición das competencias da materia, para o cal se lle plantexarán preguntas e exercicios de diverso tipo (proba teórico-práctica). Requerirase, ademais, que alcance un nivel de expresión acorde co dun posgrao universitario.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Aproveitaranse os recursos e actividades dispoñibles. Así, os alumnos visitarán o Arquivo do Reino de Galicia co obxectivo de achegalos de modo directo e práctico á materialidade do libro e ao sistema de catalogación e arquivo.
Obradoiro	O obradoiro consta dunha serie de exercicios prácticos diversos nos que se persigue o dominio da disciplina mediante a práctica e a metodoloxía. Os alumnos farán comentarios, manipularán textos, farán exposicións e articulacións de ideas concreción intelectual dos contextos históricos e situacións comunicativas, agás da reflexión estética e a contextualización socio-histórica.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	O estudante poderá, sempre que sexa preciso, requirir a atención personalizada das profesoras, tanto para resolver dúbidas xurdidas na preparación da proba mixta, como nas sesións dedicadas ao obradoiro ou nas lecturas, mais nunca pode suplir as explicacións que non ten seguido por se ausentar da aula inxustificadamente. As profesoras estarán dispoñibles no su horario semanal de tutorías, e, ademais, por correo electrónico o previa cita por Teams.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación



Proba mixta	A1 A5 A6 A14 A7 B4 B5 B6 B1 C1 C2 C3 C5 C8	En cada unha das oportunidades (final de cuadrimestre e xullo), realizarase unha proba mixta na que, a través de preguntas e exercicios varios, o alumno demostrará que acadou os coñecementos e competencias previstas. Será moi importante tamén que neste exercicio ofrezca unha expresión correcta.	60
Obradoiro	A1 A5 A14 A9 B4 B5 B6 B7 B1 B10 C1 C2 C3 C4 C7 C8	Valorarase a participación e o desenvolvemento satisfactorio das actividades propostas nal aula e as asignadas para realizar fóra da aula.	30
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A5 A6 A14 A7 B4 B5 B6 B1 C1 C2 C3 C5 C8	Está previsto que os estudantes asistan a un evento divulgativo ou científico. Programarase unha visita guiada ao Arquivo do Reino de Galicia, onde deberán seguir as explicacións que se lles faciliten co obxectivo de presentar por escrito un texto no que dean conta dos aspectos principais sobre os que se lle ten informado e, especialmente, daqueles que garden relación co tratado nas sesións maxistras e nos obradoiros. Deberán presentar un resumo completo e cabal da exposición no que demostren non só que asistiron ao seminario senon que foron quen de seguilo de maneira comprensiva.	10

Observacións avaliación

Considerarase como ?non presentado? o alumno que non entregue as probas de ensaio ou non realice a proba mixta. Terase en conta a situación particular dos alumnos con dispensa académica nas dúas convocatorias, dando un tratamento particularizado a cada caso. Na 2.^a oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Obradoiro, eventos científicos). Así a valoración consistirá nunha proba mixta, teórico-práctica (50% parte teórica, 50% parte práctica). O alumnado que teña dificultades para asistir ás sesións presenciais (incompatibilidade horaria ou outras causas xustificadas) deberá comunicalo á profesora antes de que comecen as aulas ou durante a primeira sesión. Unha vez comprobada a súa situación, poderá optar ás mesmas condicións de avaliación que o alumnado con dispensa académica. Convocatoria adelantada de decembro: O sistema de avaliación será o mesmo que para as persoas con dispensa académica. O/A estudante deberá pórse en contacto coa profesora no mes de outubro. A orixinalidade da investigación considérase sustancial e poderá ser contrastada mediante o programa de detección de plaxios que suscribiu a UDC. Calquera indicio de plaxio suporá a cualificación de 0. A expresión do estudante nas distintas probas, exercicios e actividades levadas a cabo ha ser a que corresponde a unha titulación de posgrao (non só se tomará en conta, xa que logo, a corrección ortográfica e gramatical). No caso de que a expresión dos exercicios e traballos realizados fóra da aula non garden relación coa das probas e exercicios que o estudante realiza na aula baixo o control da profesora, para avaliar a expresión tomaranse como referencia os escritos que aquel ten elaborado sen axuda externa.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - BÁEZ, Fernando (2005). Historia universal de la destrucción de los libros: de las tablillas sumerias a la guerra de Irak. Buenos Aires: Sudamericana - BURKE, Peter (2002). Historia social del conocimiento: de Gutenberg a Diderot. Buenos Aires: Paidós - CAVALLLO, Guglielmo y Roger CHARTIER(dirs.) (2011). Historia de la lectura en el mundo occidental. Buenos Aires: Taurus - ESCOLAR, Hipólito (1987). Historia de las bibliotecas. Madrid: Fundación Germán Sanchez Ruipérez - LERNER, Fred (1999). Historia de las bibliotecas del mundo: desde la invención de la escritura hasta la era de la computación. Buenos Aires: Troquel - LYONS, Martyn (2012). Historia de la lectura y de la escritura en el mundo occidental. Buenos Aires, Ed. del Calderón - MARTINEZ DE SOUSA, José (1992). Pequeña historia del libro. Barcelona: Labor - MOLL, Jaime (2011). Problemas bibliográficos del libro del Siglo de Oro. Madrid: Arco/Libros - PÉREZ PRIEGO, Miguel Ángel (2011). La edición de textos. Madrid: Síntesis
----------------------------	--



Bibliografía complementaria	BURKE, Peter (2002). Historia social del conocimiento: de Gutenberg a Diderot. Buenos Aires: Paidós. CAVALLO, Guglielmo y Roger CHARTIER (dirs.) (2012), Historia de la lectura en el mundo occidental. Buenos Aires: Taurus. MANGUEL, Alberto (1996). Una historia de la lectura, Madrid: Fundación Sánchez Ruipérez-Alianza Editoria. MARTINEZ DE SOUSA, José (2004). Diccionario de bibliología y ciencias afines. Gijón: Trea. MOLL, Jaime (1994). De la imprenta al lector. Estudios sobre el libro español de los siglos XVI al XVIII. Madrid: Arco Libros. POLASTRON, Lucien X. (2007). Libros en llamas: historia de la interminable destrucción de las bibliotecas. México: Fondo de Cultura Económica. PEDRAZA, Manuel J. CLEMENTE, Yolanda y REYES, Fermín de los (2003). El libro antiguo. Madrid: Síntesis. TAGLE, Matilde (2007). Historia del libro. Texto e imágenes. Buenos Aires, Alfagrama.
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Métodos e Técnicas para a Elaboración e Presentación de Traballos de Investigación/613584104

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Recursos para a Investigación da Literatura/613584106

Materias que continúan o temario

Observacións

Entendese que o alumno dispón dunha competencia lingüística acorde ao nivel universitario dunha titulación de posgrao; de calquera maneira, recoméndase a aqueles estudantes que teñan problemas na expresión (sexan ortográficas, sintácticas ou doutro tipo) que as subsanen.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías